



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE XULLO DE 2011.-

<p>Sres. Asistentes: Sr. Alcalde: D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. Sres. Concelleiros: D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D^a MARIA MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL MIGUEL FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. SR. SECRETARIO.: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e vintedous minutos do día vintedeito de xullo de dous mil once, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez. Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Punto núm 1.- DAR CONTA DESIGNACIÓN MEMBROS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Dada conta do escrito presentado por voceiro do PSG-PSOE de data 19 de xullo de 2011 núm. rexistro de entrada 2497, no que comunica os representantes do seu Grupo nas Comisións Informativas tal como a continuación se detallan:

COMISIÓN DE FACENDA, PATRIMONIO, TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA

- JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.
- OLIMPIA MARCOA GARCIA.
- JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO.

COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE.

- . JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.
- OLIMPIA MARCOA GARCIA.
- JOSE JUAN VILAR RICO.

COMISIÓN DE MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE, SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS.



- JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.
- MARIA VICTORIA MONTENEGRO PAZ.
- OLMPIA MARCOS GARCIA.

COMISION DE CULTURA, PERSOAL, POLICIA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRAFICO.

- JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.
- JOSE JUAN VILAR RICO.
- JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO.

COMISIÓN DE EDUCACIÓN EMPREGO E OBRAS.

- JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.
- JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO.
- JOSÉ EUGENIO FERNANDEZ LAGO.

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

- JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.
- OLIMPIA MARCOS GARCIA.
- JOSÉ EUGENIO FERNANDEZ LAGO.

O Voceiro do Grupo Municipal do BNG, con data 19 de xullo de 2001 e número de rexistro de entrada 2499, presenta o seguinte escrito designando os seguintes do seu grupo nas Comisións Informativas:

1.- COMISIÓN DE FACENDA, PATRIMONIO, TURISMO COMERCIO E INDUSTRIA:

Titular: ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.

Suplente: EMILIO MESIAS FARIAS.

2.- COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE.

Titular: EMILIO MESIAS FARIAS.

Suplente: ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.

3.- COMISIÓN DE MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE, SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS:

Titular: EMILIO MESIAS FARIAS.

Suplente: ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.

4.- COMISIÓN DE CULTURA, PERSOAL, POLICIA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRÁFICO:



Titular: EMILIO MESIAS FARIAS.

Suplente: ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.

5.- COMISIÓN DE DEPORTES E SERVIZOS MUNICIPAIS:

Titular: ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.

Suplente: EMILIO MESIAS FARIAS.

6.- COMISIÓN DE EDUCACIÓN, EMPREGO E OBRAS:

Titular: ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.

Suplente: EMILIO MESIAS FARIAS.

7.- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.-

Titular: EMILIO MESIAS FARIAS.

Suplente: ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.

O Voceiro de NAL SR. LUIS CENDAN FERNANDEZ, con data 22 de xullo e número de rexistro de entrada 2556 propón a súa asistencia ás seguintes Comisións Informativas:

- **Comisión Informativa de Hacienda, Patrimonio Turismo Comercio e Industria.**
- **Comisión de Urbanismo, Plans Equipamentos, Infraestructuras e Medio Ambiente.**
- **Comisión de Muller, Infancia, Xuventude, Sanidade e Servicios Sociais.**
- **Comisión Especial de Contas.**

Finalmente o Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular con data 22 de xullo de 2011, e número de rexistro de entrada 2565, propón a designación dos seguintes membros do Grupo Popular que integrarán as distintas Comisións Informativas:

1.- COMISIÓN DE FACENDA, PATRIMONIO, TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA:

Titular: JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ.

Suplente: MERCEDES GRANDE REGUEIRO.

2.- COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE:

Titular: JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ.

Suplente: JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.



3.- COMISIÓN DE MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE, SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS:

Titular: JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.

Suplente: MERCEDES GRANDE REGUEIRO.

4.- COMISIÓN DE CUTLURA, PERSOAL, POLICIA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRÁFICO:

Titular: JUAN SIXTO GALIANO.

Suplente: JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ.

5.- COMISIÓN DE DEPORTES E SERVICIOS MUNICIPAIS.

Títular: JUAN SIXTO GALIANO.

Suplente: MERCEDES GRANDE REGUEIRO.

6.- COMISIÓN DE EDUCACIÓN, EMPREGO E OBRAS.

TITULAR: JUAN SIXTO GALIANO

SUPLENTE: JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.

7.- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS:

TITULAR: JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ.

SUPLENTE: MERCEDES GRANDE REGUEIRO.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm 2.- DAR CONTA RESOLUCION DA CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DE 11-07-2011, "FUNCIONARIOS PERTENCENTES Á SUBVESCALA DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN DA ESCALA DE FUNCIONARIOS/AS CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL".-

Dase conta Resolución da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de data 11 de xullo de 2011, pola que se declaran integrados no grupo A1 os funcionarios pertencentes á subescala de Secretaría-Intervención de escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, publicacada no Diario Oficial de Galicia núm. 140 de data 21 de xullo de 2011, que seguidamente se transcribe:



“ Por resolución do 4 de marzo de 2010 da Dirección Xeral de Administración Local, convocouse o proceso selectivo para a integración no grupo A1 dos funcionarios pertencentes á subescala de Secretaría-Intervención, da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Por resolución do 21 de outubro de 2010, da Dirección Xeral de Administración Local, aprobouse a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos nas probas selectivas para a integración no grupo A1, e fixouse un prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para formular as alegacións que considerasen oportunas.

Por resolución do 22 de novembro de 2010, da Dirección Xeral de Administración Local, aprobouse e fixose pública a listaxe definitiva de Admitidos e excluídos ao proceso selectivo para a integración no grupo A1 dos funcionarios pertencentes á subescala de Secretaría-Intervención da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal e foron convocados os aspirantes admitidos para a realización do exercicio único, o día 18 de decembro de 2010.

Por resolución do 25 de febreiro de 2011, da Dirección Xeral de Administración Local, fixose pública a listaxe de aprobados no proceso selectivo para a integración no grupo A1 dos funcionarios pertencentes á subescala de Secretaría-Intervención da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal e foron convocadas aos candidatos para a proba presencial do 5 de maio de 2011.

Por Resolución do 23 de maio de 2011, da Dirección Xeral de Administración Local, fixose pública a listaxe de aprobados no proceso selectivo para integración no grupo A1 dos funcionarios pertencentes á subescala de Secretaría-Intervención da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal e abriuse un prazo para a presentación da documentación.

De conformidade co dispostos na base IV.2 da convocatoria, esta dirección xeral, no uso das competencias que lle atribue o artigo 15.1º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función público de Galicia, en relación coa Orde do 12 de setembro de 2005, sobre delegación de competencias,

RESOLVE:

Primeiro.- Declarar integrados no Grupo A, subgrupo A1, da escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal, a relación de funcionarios que figuran no anexo.

Segundo.- Dar conta desta resolución á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Política Territorial.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o órgano que ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde a mesma



data, de conformidade co disposto no artigo 8 2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10 1º do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela 11 de xullo de 2011.

P.D. (Orde 12.9.2005; DOG nº 177, do 14 de setembro).

José Norberto Uzal Tresandí.

Director xeral de Administración Local.

ANEXO:

APELIDOS E NOME	DNI
ARES CASAL, MIGUEL ANGEL	76503969N
BAHILLO VARELA, RAQUEL BELEN	44820090J
BENDAÑA PARDO, ELADIO	32759156-A
CACHARRON CASTELOS, ANA MARIA	32763208F
CALVO DEL CASTILLO, VICENTE JOSE	502938899Y
CARRASCO GARCIA, BEGOÑA	34897746F
CASTRO FUENTES, CRISTINA	34889510M
CERDEIRA PEREZ, JOSE ANTONIO	44449637K
COSTOYA PARDO, CAROLINA	33295922H
DIEGO GOMEZ, ALEJANDRO DE	01812518-A
ESTEVEZ SANCHEZ, MARIA BLANCA	53530525-A
ESTEVEZ TORRES, ANXELO	32445547E
FEIJOO FEIJOO, JOSE LUIS	34953644S
FERNANDEZ PEREZ LUISA	45430113F
GONZALEZ PRADO, SANTIAGO	44806763-A
IBEAS ROLLAN, PILAR MERCEDES	13130584E
LARROSA RODRÍGUEZ MANUEL	32624447M
LEDON ANDION, JOSE LUIS	33790972Q
LOPEZ PORTO, ANTONIO	11935468D
MOSQUERA CARREGAL, MARIA JESUS	78789486L
MOURE PARRILLA, PABLO	34245364C
NUÑEZ MENDEZ, DALMIRO	36077387R
PASCUAL GRASA, MARIA EUGENIA	18018284S
PASTOR NOVO, PILAR MARIA	32775021K
PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, FERNANDDO	35413813T
PIÑEIRO SARMIENTO CARLOS	32656110C
RODRIGUEZ RODRÍGUEZ MIGUEL ANGEL	53532029N
TEIJEIRO CAMPO BEGOÑA	76574732G

O Concello Pleno dase por enterado.



Punto núm. 3.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2010.-

Dase conta do informe de Secretaria Intervención de Avaliación do Cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria de data 30 de marzo de 2011, que seguinte se transcribe:

**INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO
OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**

Con motivo da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2010, en cumprimento da petición da Alcaldía, e de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locáis, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. As Entidades Locáis axustarán os seus orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou superávit computada en termos de capacidade de financiamento de acordó coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais de conformidade co previsto no artigo 3.1 *in fíne* e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable ven determinada por:

— Os artigos 3.1 *in fíne* e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

— Os artigos 4.1, 15 e 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locáis.

TERCEIRO. Tal e como dispon o artigo 16 apartado 1 *in fíne* e apartado 2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da



Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locáis, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos no artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis.

O Interventor local deberá detallar no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos de 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o sistema Europeo de Contas Nacionais ou Rexionais.

CUARTO. O principio de equilibrio orzamentario despréndese da comparación dos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos o os capítulos 1 a 7 de ingresos. O obxectivo de estabilidade orzamentaria identificarase cunha situación de equilibrio ou superávit.

O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 19 e seguintes do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locáis.

I ORZAMENTO DE INGRESOS			1
II	II	1.212.802,60	1
III	II	70.714,16	1
lili	II	593.459,50	1
	II	1.922.009,08	1
Iv	II	514.891,73	
Ivi	II		j
1 Vil	II	1.076.015,58	1
1 TOTAL	II	5.389.892,65	1

I ORZAMENTO DE GASTOS			1
II	II	1.820.336,02	1
1 II	II	2.166.846,17	1
	II	44.756,30	1
liv	II	114.755,21	1
v	II		1
IVI	II	1.971.659,04	1



1 VII	II	0,00	1
1 TOTAL	II	6.118.352,74	1
Capítulos I-VII de ingresos - Capítulo I-VII de gastos		- 728.460,09	

QUINTO. Realizados posibles axustes, segué dando déficit non financeiro.

SEXTO. A este respecto cabe informar do seguinte resultado obtido:

Con base nos cálculos detallados no expediente motivo do informe NON se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, polo que deberá darse traslado do mesmo á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locáis, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno e a elaboración dun Plan Económico-financieiro, todo iso conforme ao establecido no artigo 16.2 e 19 do Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación as Entidades Locáis.

En Ares, a trinta de marzo de 2011. O Secretario-Interventor,

Asdo : Manuel Larrosa Rodríguez"

Acto seguinte dase conta da Resolución da Alcaldía, de data 30 de marzo de 2011, do seguinte teor literal:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 53B-11

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención, sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e liquidación orzamento 2010, no uso das atribucións que me confíre no artigo 191.3 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis,

RESOLVO:

1º.- Aproba-la liquidación do presuposto de 2010, que ofrece o seguinte resultado presupostario:

a) Operacións correntes



Dereitos recoñecidos netos	4.311.015,08€
Obrigacións recoñecidas netas	4.146.693,70€
b) Operacións correntes non financeiras	
Dereitos recoñecidos netos	1.076.015,58€
Obrigacións recoñecidas netas	1.971.659,04€
1. Total operacións non financeiras (a+b)	
Dereitos recoñecidos netos	5.387.030,66€
Obrigacións recoñecidas netas	6.118.352,74€
2. Activos financeiros	
Dereitos recoñecidos netos	0,00
3. Pasivos financeiros	
Dereitos recoñecidos netos	14.540,64€
Obrigacións recoñecidas netas	540.712,36€
CÁLCULO RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO	
Dereitos recoñecidos netos	5.401.571,30€
Obrigacións recoñecidas netas	6.659.065,10€
RESULTADO PRESUPOSTARIO	-1.257.493,80€
AXUSTES:	
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais	353.132,10€
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio	897.685,25€
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio	193.683,23€
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	-200.359,68€



2º.- Enviar os datos da liquidación do presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, de conformidade có disposto no artigo 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locáis.

3º.- Dar conta ó Pleno.

O manda e firma o Sr. Alcalde-Presidente, en Ares a trinta de marzo de dous mil once.

Interven o Sr. Alcalde, manifestando que na liquidación do orzamento de 2010, xurde un déficit duns 180.000 euros, o que supón un desequilibrio o que supón un desequilibrio entre a previsión de ingresos e a previsión de gastos, e unha situación de peche xeneralizado en todos os Concellos do entorno e loxicamente de Galicia e do Estado, debido a caída de ingresos polo tema da crise económica, e bueno loxicamente é unha situación onde hai un peche de exercicio por primeira vez con déficit debido loxicamente pola situación que se está a padecer pero en calquer caso non é tanto e ademáis pode correxirse pola previsión de ingresos deste ano.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. LUIS CENDAN FERNANDEZ: Eu moi brevemente porque esto aínda que ven a dar conta a Liquidación, máis información salira da Conta Xeral, máis detallado, pero bueno aquí xa vimos fai tempo sospeitando do que vai a ocorrer, non hai un control nin un rigor en canto á execución do orzamento e esta é unha consecuencia que eu persoalmente veño anunciando en varios exercicios, estamos nunha situación de desequilibrio presupuestario, creo que hai que tomar medidas serias neste Concello en canto o tema económico e espero que no próximo exercicio presupuestario se trate de solventar este problema porque senón nun futuro vamos a ir mal, e sobre todo se non se ten ningún tipo de rigor en canto ó control, si é ben o que di o Sr. Alcalde que algúns ingresos ou as previsións dalgúns ingresos se mermaron pero hai que ser máis efectivo á hora do control do gasto, os gastos hai que adaptalos ós ingresos reais do Concello, polo tanto eu creo que isto é un signo negativo para as arcas municipais, e espero e desexo que no futuro isto teña unha pronta solución.

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farías: Debido a que o tema ven a conta nada máis vou a ser moi breve, simplemente nada que esta ahí o Informe de Secretaria, que como ben dixo o Alcalde acaba en déficit, nos pensamos que como isto sexa xeneralizado sexa un consuelo, quero dicir que todos os Concellos están a ter problemas en canto ás contas, pero tamén e certo que nos advertimos tamén de que as contas que o presuposto que se presentaba non era real, había unha previsión de ingresos que nos xa dixemos que non era real, e despois hai outras cousas que son un pouco cantantes, do presuposto inicial se modifica



de cinco millóns que se pensaba gastar ata nove millóns, son unha cifras que se van un pouco do que se pode entender como que as cousas van mal non, e despois hai pouco se atribuí a baixada da debeda viva, pero nos temos que ser aquí un pouco serios con esto, é certo que a debeda viva se baixou, pero tamén é certo que a debeda os provedores, a eses pequenos e medianos empresarios que son os que surten ó Concello incrementouse notablemente, entonces eu creo que aquí debemos de pensar que certamente o mercado laboral está complicado e si aínda encima lle debemos e incrementamos os provedores que son os que manteñen as pequenas e medianas empresas da comarca, creo que por ahí vamos un pouco mal non, eu simplemente preguntaría se estas contas son reais, e dicir se están todas as facturas asentadas e rexistradas, esa é a miña pregunta, e logo á hora de elaborar os próximos presupostos mirar o tema de controlar o gasto, eu creo que deberíamos abrir un debate nas Comisións de Facenda con vistas a colaborar un pouco todos os grupos e falar un pouco de cómo deben de ser estas contas.

Interven o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández: En primer lugar dicir que nos xa viñamos advertindo, se veía vir o que ía a suceder desde o ano 2008, que a situación económica se veía vir e que a cousa ía mal, e nos advertimos nos orzamentos con respecto ó capítulo I de persoal e con respecto ó gasto corrente, nos veíamos con respecto ó gasto corrente non hai un control presupuestario nin unha fiscalización, e que a situación e difícil, os ingresos tanto polo imposto de obras que mermou con respecto ás aportacións do Estado e a Xunta mermaron algunhas e creo que a situación por parte dos responsables políticos no Concello pois que tiñan que tomar. A maiores se aprobou un Plan de Saneamento no Concello que se está incumprindo e creo que eso é fundamental, para que eso si se levara polo Plan de Saneamento que se aprobou esto non sucedería, na situación como dixen hai que retomar o tema do Capítulo I de Gasto de Persoal e o Gasto corrente, tanto de obras como de temas do taller eses gastos hai que controlalos por parte do Conelleiro responsable que esto se viña facendo cando nos gobernábamos, non se facía ningún gastos senón ía fiscalizado ou aprobado por un Conelleiro, eu creo que eso o hai que controlar e hai que adaptarse os momentos, adaptar o presuposto real ós ingresos creo que temos que ter esa responsabilidade porque esto o que compete para as Administracións Locais vai para uns anos e como dixi anteriormente o voceiro do BNG eso se sinte e se sabe porque todos vivimos no Concello, que a demora no pago ós provedores eso se está dilantando e eso é significativo para saber que a economía non via ben e que a liquidez non existe, eu creo que eso hai que tomalo en serio, e que como dixen anteriormente a situación para os vindeiros anos vai a ser esta, e para todas as Administracións onte o podemos ver coas Autonomas e co Goberno Central, e por parte nosa se queremos ter un respiro, eu sempre o dicía temos que ter unha economía saenada, porque pode pasar calquer cousa calquer desgracia, e que o Concello poida acceder en calquer momento a calquer crédito, ante calquer situación que veña mala, esto o hai que facer porque os tempos non veñen ben.



O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que en termos xerais a situación non é mala, cando efectivamente hai un desvío entre a previsión de ingresos e por razóns das subvencións, está Administración se caracteriza por conseguir subvencións doutras Administracións no dobre do que temos, o primeiro ano que gobernamos tiñamos un presuposto de 5.800.000 euros, e conseguimos outro tanto por vía de subvencións, polo tanto executamos 12 millóns, porque conseguimos o dobre pedíndolle á Xunta, ó Goberno do Estado e a Deputación, entón nos fixemos unha previsión de cinco millóns de euros, pero logo conseguimos 4 máis por eso hai 9, pero ti non os podes meter nos orzamentos porque non sabes se as subvencións as van a dar, o que pasa é que logo as conseguimos, entón efectivamente estamos diante dunha Administración Local que consegue o dobre de diñeiro doutros sitios, entón nos partidos con cinco millóns e resulta que logo temos 9, pero claro os outros catro non os podemos gastar no que nos queiramos, non podemos tapar buratos, se teñen que gastar nas obras para as que pides o diñeiro, entón pides unha rampa para Area Morta, te dan 200.000 euros e teñense que destinar a Area Morta, hai catro millóns que nos dan outras Administracións Públicas para obras e lóxicamente esta é unha característica destes últimos catro anos, onde practicamente conseguimos o dobre doutras administracións para executar. Hai dous problemas gordos no presuposto que nos están afectando de maneira importante e que entre todos deberíamos de amañar, o primeiro problema e o déficit crónico coa factura da auga de EMAFESA, os 10 primeiros metros cúbicos de auga en Ares se regalan, de 12.000 recibos que AQUAGEST xirá o mes 6.800 son de tipo cero, non cubre nin o toner nin o papel no que se imprime, son cero, e os veciños de Ares que somos os que vivimos aquí todo o ano, como consumimos os 10 metros cúbicos, xa pagamos efectivamente esa parte, pero os que non viven en Ares como non alcanzan os 10 metros cúbicos non pagan nada, entón efectivamente non so non cubren o prezo do auga, senon que non cubren as tuberías que hai que manter, os que vivimos en Ares, si porque consumimos máis dos 10 m³., os que vivimos en Ares pagamos todo, e os que non chegan os 10 m³. non pagan nada, eso xenera un desequilibrio de 200.000 euros anuais, porque a auga que pagan os usuarios de Aquagest, non paga a que nos lle temos que pagar a Ferrol, e o drama de axuda a Domicilio e Dependencia, que as previsións son dun ano para outro, entón o ano pasado tivemos 300.000 euros de gasto e os recuperaremos este ano coa subvención deste ano onde pedimos os 300.000 euros do ano pasado pero houbo que anticipalos, entón eses 200.000 euros efectivamente veñen presentes sen dúbida algunha por dúas situación de desequilibrio permanente, que é o auga que xenera déficit permanente e evidentemente axuda a domicilio e dependencia que nos temos que facer o gasto un ano e nos dan a subvención o ano que ven, en consecuencia efectivamente e me lembro hai dous anos que a previsión era de 127.000 euros e nos subeu a 304.000 euros, entón claro que resiste axuda a domicilio e dependencia nesas condicións, e tomamos unha pequena medida que é subir de 6 euros a 12 a hora, entón ou corriximos o tema de EMAFESA o tema da Auga, ou evidentemente o déficit sen dúbida algunha se íra aumentado, somos o Concello de toda a Comarca que menos cobra pola auga, podedes ir os Boletíns Oficiais da Provincia e ver que os Concellos do entorno teñen un tipo de 0,36 de 0,46, nos o temos de 0 ou de 0,16, e



claro efectivamente é unha situación que hai que corrixir e a parte que non a padecen os veciños de Ares, porque os veciños de Ares chegamos ós 10 m³., e dicir nos pagamos toda a nosa auga, o problema son todos os que non cheganos 10 m³., que non pagan nada, non pagan nin a auga que consumen nin ningún tipo de mantemento das tuberías, todo o mundo quere a auga, pero con que pagamos as extensións de rede se o servizo é deficitario, entón perdiría e acepto de bo grado a petición do BNG de sentarnos nunha Xunta de voceiros e corrixir os déficits onde sabemos que existen, e por suposto tamén hai que controla-lo gasto, de onde efectivamente hai gasto, pois das múltiples obras que se fan, a xente ven a pedir obras e se lle fan obras, dicirlle a un veciño que non cando paga os seus impostos é un pouco forte, claro se ven a pedir unha extensión de rede a 700 metros, mira non, pero sabes que o veñen a pedir, entón claro fas un presuposto dunha obra, metes os tubos e os que quedan a oito metros os tes ahí pedindote, e eso xenera aportación municipal, entón é certo que tamén se executan obras, agora o déficit e non auga, porque os 10 primeiros metros cúbicos son tipo cero, e eso non ocorre en ningún Concello, de ningún sitio e axuda a domicilio que a Dependencia se está equilibrando, os dependentes non aparecen cen mil da noite para a mañá, xa se está equibrando, xa se van recoñecendo e casi todos os dependentes xa teñen recoñecidas as dependencias, cando hai un ano ti tiñas en previsión algúns, e aparecía o dobre e eso rompía efectivamente o equilibrio e se vai correxindo pouco a pouco.

No segundo turno de intervencións toma a palabra o Voceiro de NAL: Sr. LUIS CENDAN FERNANDEZ, manifestando que efectivamente Alcalde estas aportando algún datos en canto a algún asuntos importantes que xeneran un déficit pero eu creo que o tema é máis de estrutura municipal, entón fas unha alocución en canto as obras supramunicipais que veñen fora do presuposto que non se adaptan, pero eu no que me centro na intervención é no presuposto, o presuposto vai en base a uns ingresos, entón temos que adaptar o gasto, hai que renegociar eso, si Ares neste momentos cos ingresos que xenera por si solos, se é capaz de aguantar a estrutura municipal que hai, os servizos que se están prestando, as contratacións que hai, as asesorías que hai, entón todo eso hai que metelo nun paquete, sentarse falalo e haber si os gastos, haberá que adapta-los a eso, eu estou de acordo que os veciños as veces hai que dicirles que non, hai un límite presupostario, hai unha consignación, e que se non temos rigor para eso entón apaga e vámonos, si non se lle pode dicir a todos, agalla se poidera dicir a todos, o límite esta no presuposto se non hai financiación non se pode facer a obra, entón eso hai que controlalo un pouco, e se non pode ser nun exercicio será noutra anualidade, pero si nos deixamos levar pola necesidade dos veciños van a ter necesidade sempre, entón eu creo que hai moitos conceptos que hai que abordar, ese é un máis, e en canto ás obras doutras Administracións sempre se fixeron, e aumentan en canto á liquidación do orzamento e Contra Xeral se aprobamos un presuposto de cinco millóns, normalmente salen 10, 12 ou 14 en función das subvencións que veñan, pero eu creo que esas aparte da aportación municipal que poidan ter algunhas delas, esas non son as máis importantes en



canto ó gasto, porque ademáis se consignan en presuposto as aportacións, eu creo que eso, a formula e a proposta que fixo por parte do Voceiro do BNG e que reitero o Sr. Alcalde, eu creo que esa era unha boa medida, sentarnos ver a situación real do Concello a que esta atravesando non a que ven aquí a liquidación que me imaxino que hai facturas e moitas facturas sen consignación presupuestaria que ese é outro tema haber como se lles busca encaixe, porque eso haberá que buscarles saída, e entónces todo eso con todos os datos buscar unha saída satisfactoria e estou de acordó apuntar o tema se queredes renegociar o tema de AQUAGEST que se aborde, o tema da dependencia tamén, e xa digo que hai moitos máis temas que hai que tocar e que hai que buscarlle unha solución sobre todo a corto prazo, por tanto eu creo que o rigor presupuestario Alcalde, eu creo que estamos obrigados por Lei, en canto ó déficit o que se desprende do informe do Sr. Secretario é que esa cantidade xa a temos que consignar en orzamentos, ollo co que estamos xa estamos obrigados a consigna-la en presuposto, entónces vamos a mermar outros aspectos do presuposto.

O Sr. Alcalde, di que en principio dos 180.000 euros, 100.000 xa están cubertos, por casualidade, non porque fixeramos unha xestión extraordinaria, senón porque apareceron os do gas que non contábamos con eles e van a pagar un ICIO de oitenta e pico mil euros, entónces efectivamente dentro da previsión de ingresos para cubrir un déficit co Interventor x atemos cuberta a totalidade dos 180.000 euros, porque a licenza de gas non estaba prevista.

O Sr. Luis Cendan di que buscar unha solución adaptada a realidade de noso Concello eu creo que é a única maneira de solventar o futuro de Ares,.

Resposta o Sr. Alcalde que na Xunta de voceiros que se propón, facemos unha análise de todas estas situación xeneradoras de déficit e tratamos efectivamente de equilibrar algún servicios, eu me lembro hai catro anos cando entrei na Alcaldía o Alcalde sainte o primeiro que me di é que hai que rescatar AQUAGEST, xa erá coñecer da situación que nos provoca AQUAGEST, que pasa que rescatar AQUAGEST a falta de catro ou cinco anos para o vencimento do contrato supón unha indemnización que de onde sacamos diñeiro para indemnizalos, pero agora resulta que AQUAGEST lle falla ano e medio, agora so falla esperar que se van solos, entónces hai si que podemos renegociar a situación.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesías Farias: Bueno certamente o da auga era así sempre, quero dicir, se era deficitario xa se sabía, entónces eu o que digo que hai que ter un rigor no gasto, hai que saber moi ben onde se gasta e como se gasta, pero hai que ser moi rigurosos, porque eu entendo que as contas que hai nas administración, e a mín particularmente as formulas que se aplican e digo particularmente a mín non me gustan, porque están feitos como dí o outro con esa filosofía de que a vaca do meu tio esta enferma e non pasa nada porque dentro dun tempo xa se vai a poñer ben e ademáis vaime dar máis leite e vou a ter máis beneficios, pero polo de pronto a vaca esta enferma e non temos leite, e o que vai a acontecer no futuro xa se saberá como veña, entónces eu creo que hai que ser moi realistas tanto no que é o gasto como no que son os ingresos, entónces simplemente este



tema viña aquí para dar conta e haberá outro momento para mirar máis polo miudo o que son os gastos e o que son tamén a previsión de ingresos, que hai previsións de ingresos que claman como a previsión de ingresos por nova construción que hai un desfase entre o que se preveeu o que ó final resultou, entón por eso digo eu que eu creo que hai que sentarse e hai que mirar moi moito isto e pensar que as contas da Institución Municipal que os cartos son de todos e non son de ninguén, debemos de facer unha política como facemos cadaquen na casa, e que ninguén polo menos se intente non gastar máis do que se vai a ingresar, creo que esta filosofía a debemos de levar tamén ó Concello para que non exista este tipo de desfases, este foi un desfase que xa se preveía porque xa se discuteu cando foi o presuposto e xa se sabía que había algunhas partidas que non ían a ser así, e polo demais nada máis reiterar o que dixen antes a nosa disposición para o que dixen antes, nos dicíamos que debía ser na Comisión de Facenda pero si vos interpretades que debe de ser na Xunta de Voceiros a nos danos igual.

Interven o Voceiro do Partido Popular SR. Manuel Cendán Fernández: Aquí se apuntaron algúns temas con respecto ós desequilibrios presupuestarios, pero bueno eu creo que lle hai que dar Concellería por Concellería un estudio a cada unha, por exemplo vamos a poñer o de Cultura, en Cultura sabemos que isto non é de agora, que a partida de Cultura e Deportes chega a media merenda, non chega a nada, nas primeiras actividades queda a partida desequilibrada e hai que andar sempre facendo operacións metendo diñeiro hai para facer actividades, creo que eso tamén o temos que refundir, todo, creo que hai que darlle unha volta a todo porque se esta gastando máis do que se pode gastar, e en Cultura, eu non vou a responsabilizar á crise, porque isto se viña facendo sempre así, e sempre quedaba coxa, sempre había que facer un cambio dunha partida a outra para poder suplementar ese gasto, controlar un pouco de todas, pero ahí tamén hai un desequilibrio, sempre viña habendo un desequilibrio de dez ou doce millóns de pesetas, e creo que eso o temos que controlar tamén.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 4.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 75/11 "SOLICITUDE Á XUNTA DE SUBVENCIÓN DESTIANADA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS".

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 75/11 do seguinte teor literal:

RESOLUCIÓN ALCALDÍA 75/11

SOBRE SOLICITUDE Á XUNT DE GALICIA DE SUBVENCIÓN DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS,

Dada conta da Orde do 3 de marzo de 2011 (D.O.G. núm. 62 de 29 de Marzo de 2010), pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede a súa convocatoria, e vista-las memorías descritivas formuladas, ACORDASE



PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Traballo e Bestar , ao abeiro da orde expresada, unha subvención por importe total de 355.866,02 Euros, co seguinte detalle:

PERSOAL: 30.025,18 Euros.

MANTEMENTO: 600,00 Euros.

AXUDA NO FOGAR.

***Modalidade de Prestación Básica do Plan Concertado: 17.128,84 Euros.**

*** Modalidade para persoas valoradas como dependentes 302.112,00 Euros.**

*** Xestión de programas 6.000,00 Euros**

SEGUNDO: Faise constar que os Servicios Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.

TERCEIRO: O Concello comprométese a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servicios sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude da subvención para o ano 2011 na contía de 249.637,55 Euros, que supón unha porcentaxe do 41,00% sobre o orzamento total do proxecto.

CUARTO: Dar conta ó Pleno na vindeira que se celebre.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde-Presidente Don Julio Ignacio Iglesias Redondo en Ares a dezanove de abril de dous mil once, do que eu Secretario dou fe.”

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.



Punto núm. 6.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

A) Moción BNG: “Apoio ao manifestó da Comunidade Educativa do ensino público de Ferrolterra.

Dase conta da Moción do BNG do seguinte teor literal:

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción.

Exposición de Motivos:

Diante das medidas tomadas pola Consellería de Educación de O.U. desde que o PP está no goberno, e máis concretamente as últimas sobre a reestructuración da oferta educativa no Ensino Secundario e a F.P., xuntos cos agrupamentos e a redución de prazas en Educación Infantil e Primaria, que afectan de xeito moi especial á nosa comarca, todos os colectivos afectados (persoal dos centros, alumnado, país/nais, organización sindicais, etc.) veñen de evidenciar o seguinte:

- O roxeitamento xeral contra este tipo de decisión, tanto na forma, como no fondo, polas consecuencias que orixinan e que suponen un grave deterioro do ensino público. Dase a coñecer esta proposta (a través da prensa), sen previo diálogo coas comunidades educativas afectadas nin nos órganos legalmente establecidos para levar a cabo este tipo de negociacións; tratando ao persoal docente e ao alumnado como meras mercadorías que se poden transportar dun lugar a outra, sen saber mo ben a onde, en que condicións e saltándose as propias regras da Consellería, tanto no que tén que ver coa reserva das prazas, como co Concurso de Traslados. Evidenciase pois que o único obxectivo claro destas medidas é facer unha profunda reconversión sen dar tempo á contestación social, polas datas nas que se comunica.
- A vontade de non aceptar máis ataques contra o Ensino Público nin medidas que supoñan unha drástica redución da oferta educativa e dos recursos humanos, coa eliminación dun importante número de unidades, postos de traballo e prazas escolares, incremento das rateos e masificación das aulas; mentres se manteñan os concertos aos centros privados, incluso en ensinanzas non obrigatorias.

Á vista do anterior e entendendo o papel da administración local na defensa dun ensino público e de calidade, propomos ao pleno da corporación **reclamar da Consellería de Educación.**

- A inmediata retirada do Decreto de creación dos CIFP e de modificación de determinadas ensinanzas nos centros educativos e que se abra durante o vindeiro curso un período de consultas, debate e negociación cos colectivos afectados e os/as representantes lexitimados para facelo na Mesa Sectorial de Ensino non Universitario,



adequando a Rede de Centros e a oferta educativa ás necesidades reais da nosa comarca.

- O mantemento da oferta educativa no ensino público cos medios e recursos necesarios, como única vía de garantir a igualdade de oportunidades.
- O cumprimento do acordó de agrupamentos asinado por esa consellaría en xullo de 2009 e que polo tanto non se permita agrupar alumnado que sobrepase as ratios así establecidas.
- Unha explicación, por escrito, de cales son os motivos e o obxectivo desta reforma feita con tanto premura a finais de curso, e non de xeito progresivo e negociada.”

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farías: Moi brevemente porque xa tedes todos o texto do que é a Moción, e nos pensamos que é tempo de poñerse un pouco serios, e hai unhas prioridades que todos os gobernos debe de atender: Sanidade e Educación non deben de quedar atrás, está é unha Moción que como ben dixo o Sr. Alcalde pon de manifesto o noso apoio á Comunidade Educativa, e aquí en Ferrolterra temos o caso do Instituto de Fene o que está radicado en Barallobre e o instituto de Ferrolterra que está a sufrir unha remodelación que ven a ser un recorte brutal en canto a plantilla de profesorado, en canto ós recursos humanos, e tamén en canto ós recursos económicos, polo tanto nos pensamos que si hai que sacar de algún lado que non sexa de Educación nin de Sanidade, en Educación e onde deben de cargar as pilas, a Xunta neste caso. Entonces nos entendemos que non pode haber o recorte como esta habendo de profesorado, porque non se xustifica baixo ningún punto de vista, e este recorte é unicamente unha cuestión económica, non é unha cuestión organizativa, non recortan profesorado, porque o profesorado sobra, de feito se recorta o profesorado e aumenta a ratio de alumnos por aula, e noutros institutos ou colexios hai profesores de certas especialidades que non van a a traballar nese Centro o cal vai a mermar tamén o que é o traballo día a día nos dinstintos colexios non, aínda que aquí a Ares o CPI non afecta moito directamente e digo por agora, porque do que se sabe o que vai haber en setembro vai haber algunha variación xa o sabemos, e tamén están os institutos de Ferrolterra e o de Barallobre que si que levan alumnado de Ares, polo tanto nos nesas catro puntos vamos a reclamar da Consellería de Educación pois simplemente que aquí no Pleno se de un apoio a esta Moción.

Toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Eu a verdade que non sei como vai a ser a medida están eu creo que en negociacións polas dúas partes, e eu creo que de hai salira un resultado, en canto á redución de profesorado ou as baixas que se veñen reclamando difícil é, eu creo que esto está dentro do contexto de limitar os poucos recursos que están chegando por parte da Xunta, eu me imaxino que este colectivo en canto ás baixas, como en Sanidade se está facendo, todo o que signifique neste caso unha redución en canto ó servizo neste caso de educación é



moi importante, pero hai que saber también a situación real en que vai a quedar esto, polo tanto a miña posición vai a ser a abstención.

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, nos unha cousa que non é definitiva, que a situación económica é a que é, e bueno que sabemos que neste Concello se pecharon dous Centros infantís, o de Redes e o de Cervás, eu creo que na situación na que estamos non se pode manter alumnado con catro ou cinco alumnos, eu creo que é perxudicial para o alumno eu creo que ter como tiñamos aquí catro ou cinco nenos que non teñan relación con máis nenos, a situación é a que é, aparte temos que entender que a situación económica é a que é, e ter un instituto ou ter dous institutos ó lado cos mesmos servicios e un con oito alumnos e outro con oito alumnos, a dez quilómetros un de outro a situación hai que renegocia-la e mirar de xestiona-la, que para eso estamos aquí para xestionar e para administrar, hai outras situacións que ó mellor o Decreto non é o adecuado, unha situación non pode ser por parte da Administración a Administración ten que colle-lo touro polos cornos e tirar para adiante, na moción se fan unhas manifestacións sobre o ratio de alumnos, ti dime un colexio onde eso sexa certo, e que incumprirá o ratio profesor-alumno, un dime un, facer unhas acusacións así cando non é certo creo que eso non se debe de facer, non e como dixeran antes, nos vamos a abstermos non sabemos a situación final, si queda desamparado algún alumno deste Concello como pode ser o Colexio de Barallobre ou a situación de Barallobre, como dixeran anteriormente, sabemos que eso era unha comodidade pero Ferrol está o lado e hai que coñecer os datos para que a Administración tome esa medida, porque claro estar nun módulo con oito alumnos e outro con oito ou dez podendo estar vinte ou trinta alumnos cumprindo o ratio, que eso é lóxico que a Administración o faga, que tamén entendo os Mestres que pasan o paro que están nunha situación precaria, pero o tema da crise está afectando a todos os sectores, e á educación tamén lle vai a tocar, nos vámonos a abster porque en definitiva non sabemos a situación final e mentres non a saibamos nos vamos a abster.

O Voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Fernández Lago, manifesta que o seu grupo vai a votar a favor.

Fixadas as posicións, o Concello Pleno por 8 votos a favor 2 BNG e 6 PSdeG-PSOE, e 5 abstencións (4 PP e 1 NAL), acorda prestar-lle a súa aprobación á Moción anteriormente transcrita.

B) Moción para que Ares chegue a ser Cidade Amiga dos Animais.

Dase conta da Moción presentada por dous veciños do Concello de Ares, para que Ares chegue a ser Cidade Amiga dos Animais que seguidamente se transcribe:



“-Xa que entendemos que nunha nación que acolle un Fórum das Culturas e Exposicións Unirversias é unha incoherencia que conviva a cultura e a tortura e a morte como forma de diversión, aínda que respondan a unha tradición enraizada dende fai séculos.

- Xa que entendemos que temos que avanzar nos dereitos dos animais, para evitarlles sufrimento inútil e menos por diversión; recordando a fase de Gándhi “Un país, unha civilización pódese xulgar pola fomra en como trata aos seu animais”.

É por iso que propomos:

Primeiro.- Manifestar o apoio do Concello de Ares á declaración de principios que se expón na lei de protección dos animias 1/93, do 14 de abril, a cal considera os animias como organismos dotados de sensibilidade física e psíquica e, polo tanto, suxeitos a gozar ou sufrir.

Segundo.- Que Ares declárese cidadada amiga dos animias.

Terceiro.- Que o Concello de Ares non sexa cómplice e que prohíba calquer espectáculo ou festexo onde se usen ou empreguen, mostren, faga sufrir u se torture, física ou sicoloxicamente a ningún tipo de animal, tales como galos, cans, cabalos, gatos, burros, novillas, etc., incluíddos circos con animais, touradas, encerros, etc.

Cuarto.- Que o Concello de Ares non permita os anuncios nos medios públicos municipais de ningún espectáculo que empregue, mostre, produza calquer tipo de sufrimento, a norte e/ou a dor a animais e que, tamén, téñase en conta esta moción cando se regule a publicidade en espazos públicos.

Quinto.- Publicitar estes acordos a través dos médios públicos municipais.

A atención dos representantes de cada un dos grupos municipais do consistorio:

Apreciadas Concelleiras, apreciados concelleiros,

- 1) Hai tradicións históricas no noso país que inclúen o uso ou participación de animais, que sufren sicoloxica e físicamente. No entanto, non temos que esquecer que calquera costume, conducta, comportamento, non se pode manter in aeternum polo feito de ser tradicional, como o demostra o feito que un gran número de prácticas tan tradicionais ao longo da nosa historia, como a escravitude, as execucións públicas, a subordinación das mulleres aos homes, a mesma pena de norte, as mutilacións practicadas aos delinquentes ou a tan nosa matanza pública do porco, están agora prohibidas por lei, así como lugares que xa rexeitan os circos con animais.
- 2) Ningún animal debe ser sometido a malos tratos: nin os animais salvaxes, para os que temos que conservar o medio coa finalidade de permitirles vivir de acordó coas súas necesidades; ni naos animais domésticos, polo benestar dos cales os que exercemos de donos temos que velar; nin os animais de granxa que decidimos criar para



alimentarnos, aos que debemos como mínimo unha condicións dignas de vida, espazo suficiente para realizar exercicio, unha alimentación completa e, finalmente, un sacrificio rápido e indoloro.

- 3) Os representantes políticos dun pobo teñen o dereito e a obrigaón de ser pioneiros na promoción dos valores positivos á cidadanía. Unha sociedade moderna, como a nosa, non se pode permitir fisuras no terreo dos dereitos dos animais e sería un erro terrible non facer todo o que esta nas nosas mans para defender a aqueles que non dispón de voz nin voto. O que teríamos que valorar nun políticos é a valentía de todas decisión en conciencia, aínda que estas poidan resultar non gratas nalgún sector da poboación.

Moitísimas grazas”.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que neste tema eu creo que xa nos habíamos pronunciado, neste mesmo sentido xa viñera unha Moción ó Pleno, eu en algún aspectos da Moción estou de acordó pero noutros aspectos son moi matizables e dubídosos, polo que a miña posición vai a ser a abstención.

Toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias, nos igual que fixemos da outra vez vamos a apoiar a Moción,.

Interven o Voceiro do Partido Popular, Sr. Manuel Cendán: Nos estamos de acordo con moitas cousas, na Lei de Protección dos Animais, estamos de acordo, en moitas situación pero noutras non as vamos a apoiar en definitiva nos vamos a abster,.

O Voceiro do Grupo Municipal do PSOE, di que seu grupo vai a votar a favor:

Fixadas as posicións, sometese a votación a Moción, e o Pleno do Concello por 8 votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 5 abstencións (4 PP e 1 NAL), acorda prestarlle a súa aprobación.

Antes de pasar o seguinte punto de Rogos e Preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase si algún Voceiro ten algunha Moción para presentar pola vía de urxencia, non presentándose ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Eu estaba mirando as Resolucións xa que ven a Liquidación do Orzamento do 2010, as Resolucións do contraído de pago cal é o motivo para que non veñan.



Resposta o Sr. Secretario que se van a repartir esta semana, todas.

O Sr. Luis Cendán di que é unha contradicción que veña a liquidación do exercicio o non veñan as Resolucións.

O Sr. Secretario di que a Liquidación hai que remitila á Comunidade Autonoma, e hai moito traballo, eu me comprometo esta semana a entregalas.

O Voceiro do BNG Sr. Mesias Farias, di que hoxe temos a inauguración dunha Rúa, creo que se falara doutra vez que cando tiveramos unha inauguración se fixera unha Xunta entre os Voceiros, se nos poidesemos enterar con un pouco máis de antelación, máis que nada porque nos enteramos estes días, de todas maneiras nos vamos a participar, pero máis que nada porque se falara antes.

O Sr. Alcalde di que con respecto a inauguración da Rúa dos Noruegueses, é unha situación que xa estaba prevista, como acto de despedida pero precipitouse a data, porque o día 31 de xullo os poucos que quedan vanse, entonces ou o facíamos cos que veñen en agosto a veranear ou se queríamos facelo con todos tiñamos que anticipar, de feito foi a comunidade Norueguesa a que suxeriu a data porque realmente quedan duas familias a piques de irse, e un acontecemento que efectivamente o venres precipitouse porque se nos comunicou que a mellor data era o xoves xa que o venres e o sábado xa non estarían todos non. Seguindo os criterios que se levaron aquí, e unha rúa sen nome, é a Rúa que abreu SAR hacia o cemiterio e ademáis esta ubicada preto da urbanización que se caracterizou pola presenza de Noruegos entén é un pocuo pois facer o acto no momento no que podemos contar coa presenza da comunidade Noruega.

O Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Pregunta: Houbo un incidente cun tractor e a Policia, ¿Qué pasou, que os pararon ían dous no remolque?.

Resposta o Sr. Alcalde que viñan de limpar a praia de Seselle, e os que limparon a praia viñan sentados no remolque, e os parou a garda civil, no remolque so pode ir o que conduce, e o problema está que o remolque que se saca moi de vez en cando, pois o parecer no tiña seguro, miramos todos os seguros é o parecer este vehículo non o tiña, e nos meteron unha multa de cento e pico euros.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e coarenta e oito minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,